

**CONCELLO
DE VIGO**



**Concellería de
Contratación, Patrimonio
e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e
Formación**

ASUNTO: CESE E NOMEAMENTO DE PERSOAL EVENTUAL NA LEXISLATURA 2019-2023

Constituída a Corporación Municipal de Vigo para a lexislatura 2019-2023 o día 15/06/2019, e en cumprimento das instrucións proporcionadas por esta Excma. Alcaldía, en acordo da Xunta de Goberno Local de 17/06/2019 procedeuse á aprobación do número e réxime do persoal eventual consonte á normativa vixente.

Así, ao abeiro do establecido nos artigos 104 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local; artigo 176 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e artigo 12 do Real Decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) a Excma. Alcaldía-Presidencia resolveu nomear en data 22.07.2019 a D^a N. Pardo Silva como Asesora do GM Socialista, e en data 06.04.2021 a D^a I. Santos Cobo como Asesora de Relacións Institucionais e Protocolo, ambas como persoal eventual ao servizo do Concello de Vigo.

Vista a solicitude da Concellería-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de data 17.08.2021, na cal se indica que *“no momento actual, razóns de organización interna do persoal eventual ao servizo tanto do GM Socialista como da Alcaldía aconsellan que, en mellora e optimización no desempeño das funcións de confianza e de asesoramento especial que esta tipoloxía de persoal desenvolve consonte ao establecido no artigo 12 do Real Decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), se proceda ao cesamento nos postos de destino das persoas citadas, procedendo ao seu novo nomeamento nos postos reservados a persoal eventual que se queden vacantes, debendo ser D^a N. Pardo Silva nomeada no posto de Asesora de Relacións Institucionais e Protocolo, e D^a I. Santos Cobo como Asesora do Grupo Municipal Socialista. En consecuencia, ao abeiro das competencias que respecto da Alcaldía ostento por delegación contida en Decreto de data 18.06.2019, e en base ao exposto, SOLICÍTASE:*

1.- A tramitación do cese, con efectos económicos e administrativos do día 18 de agosto do 2021, do persoal eventual seguidamente relacionado:

- *D^a N. Pardo Silva, Asesora do GM Socialista.*
- *D^a I. Santos Cobo, Asesora de Relacións Institucionais e Protocolo.*

2.- A tramitación do nomeamento, con efectos económicos e administrativos do día 19 de agosto do 2021, do persoal eventual seguidamente relacionado:

- *D^a N. Pardo Silva como Asesora de Relacións Institucionais e Protocolo.*
- *D^a I. Santos Cobo como nova Asesora do GM Socialista.*

Do cal se da traslado aos efectos procedentes.”

Considerando o previsto nos artigos 104 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local -que contempla que o nomeamento e cese do persoal eventual é libre, correspondendo este ao Alcalde ou Presidente/a da entidade local, establecéndose que o dito



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 17/09/2021 12:04

Páxina 1 de 3

Expediente 34264/220

CSV: 2387A3-AFCF8F-B7B68E-WQRB8N-NB8SES-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLO
DE VIGO****Concellería de
Contratación, Patrimonio
e Xestión Municipal****Área de RRHH e
Formación**

persoal cesará automaticamente cando expire o mandato da autoridade á cal presten as súas funcións de confianza e asesoramento especial;- artigo 176 do Real Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e artigo 250 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia;

Visto o preceptuado no artigo 12 do RD Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, que contempla que é persoal eventual o que, en virtude de nomeamento e con carácter non permanente, só realiza funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial, sendo retribuído con cargo aos créditos orzamentarios consignados para este fin.

No uso das atribucións que o artigo 124 da citada Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, me outorga, pola presente **RESOLVO:**

"PRIMEIRO.- Cesar, con efectos económicos e administrativos do 18 de agosto do 2021, ao persoal eventual ao servizo do Concello de Vigo que seguidamente se relaciona, en aplicación da normativa vixente en materia de réxime local, concretado en:

- *D^a N. Pardo Silva, Asesora do GM Socialista.*
- *D^a I. Santos Cobo, Asesora de Relacións Institucionais e Protocolo.*

SEGUNDO.- Nomear, con efectos económicos e administrativos do día 19 de agosto do 2021, ao persoal eventual seguidamente relacionado:

- *D^a N. Pardo Silva como Asesora de Relacións Institucionais e Protocolo.*
- *D^a I. Santos Cobo como nova Asesora do GM Socialista.*

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución á Concellería-Delegada da Área competente en materia de persoal, persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Intervención Xeral Municipal, Dirección do Gabinete da Alcaldía, Seguridade Social, Tesourería Municipal (Nóminas) e interesadas para os efectos oportunos".

CUARTO.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

MDG/

Vigo, sinatura dixital

A Concellera-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal (delegacións competenciais contidas en Decreto da Excm. Alcaldía do 16/04/2021 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021).- Patricia Rodríguez Calviño



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 17/09/2021 12:04

Páxina 2 de 3

Expediente 34264/220

CSV: 2387A3-AFCF8F-B7B68E-WQRB8N-NB8SES-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLO
DE VIGO**



**Concellería de
Contratación, Patrimonio
e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e
Formación**

O ALCALDE.- ABEL CABALLERO ÁLVAREZ

Dou fe, A SECRETARIA DO GOBERNO LOCAL.- M.^a Concepción Campos Acuña



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 17/09/2021 12:04

Páxina 3 de 3

Expediente 34264/220

CSV: 2387A3-AFCF8F-B7B68E-WQRB8N-NB8SES-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>